



INFORME DO SERVIZO DE ARQUEOLOXÍA DA SUBDIRECCIÓN XERAL DE CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS

Obxecto:	Informe á Resposta do Promotor
Proxecto:	Parque Eólico Gato
Concellos:	Aranga, Oza-Cesuras e Coirós (A Coruña)
Promotor	GREENALIA WIND POWER, S.L.U.
Remitido:	Servizo de Enerxías e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación
Clave:	IN408A 2017/04
Expte.:	03.I.498.2021.001 (Servizo de Arqueoloxía)

O 10.08.2021 ten entrada, no rexistro electrónico da Xunta de Galicia, un escrito do Servizo de Enerxías e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, polo que se da traslado da reposta do promotor ao informe desfavorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 09.04.2021 relativo ao Parque Eólico Gato.

ANTECEDENTES

Co data 09.04.2021 a directora xeral de Patrimonio Cultural informa desfavorablemente o *Estudio de Impacto Ambiental Parque Eólico Gato. Febrero 2020* e *Proyecto Sectorial Parque Eólico Gato. Febrero 2020*, dado que o deseño do proxecto non é compatible cos valores de protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139 do 18.07.2008)
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36 do 22.02.2011)
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11.12.2013)
- Lei 9/2018, de 5 de decembro, pola que se modifica a Lei 21/2013 de 9 de decembro de avaliación ambiental, a Lei 21/2015 de 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes e a Lei 2/2005, de 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de emisións de gases de efecto invernadoiro (BOE núm. 294, do 06.12.2018)
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018)
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997)
- Decreto 198/2020, de 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (DOG núm. 242 do 01.12.2020)

A documentación agora achegada: *Descripción y valoración de la nueva alternativa para el parque eólico Felga en los términos municipales de Aranga, Oza-Cesuras y Coirós (A Coruña) (Contestación al informe emitido por la DX de Patrimonio Cultural en la tramitación del expediente IN408A 2017/04)* contén o documento *Evaluación de Impacto sobre Patrimonio Cultural Parque Eólico de Gato. Aranga, Oza-Cesuras y Coirós (A Coruña). 1º Anexo a Memoria*, asinado polo arqueólogo Enrique Álvarez Veira da empresa EQVITE Arqueología y Gestión del Patrimonio.

De acordo con ela presentase una nova alternativa de parque que supón a modificación do parque eólico Gato:

- Modificación da poligonal do parque.
- Eliminación do aeroxerador nº 6.
- Modificación da implantación dos aeroxerador nº 2, 3 e 4, e a súa infraestrutura asociada.





- Modificación de vieiros e accesos interiores.
- Modificación da localización do centro de seccionamento.
- Cambio na localización da subestación (compartida co parque eólico Gato).
- Cambio na localización do acceso ao parque.

Asemade se incorpora a avaliación dos cambios e modificacións sobre o patrimonio cultural.

INFORME

Tendo en conta que a nova alternativa supón un novo deseño de parque eólico, e necesario contar cun novo documento que incorpore a avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural do novo deseño do parque eólico Gato, incluíndo as modificacións propostas.

Documento asinado electronicamente en Santiago de Compostela

A directora xeral do Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Ínsua

Servizo de Enerxía e Minas. Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

